

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: L.8.Q/29274/17

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

Sra. conselleira:

O pasado mes de setembro, arrancaba o sistema de transporte escolar compartido co servizo regular de uso xeral, en máis dun centenar de concellos de Galicia. Así, en case que o 40 % da poboación da nosa comunidade, e en aproximadamente 500 liñas, as persoas viaxeiras que o desexaran, e o solicitaran previamente, poderían empregar rutas de autobuses escolares para os seus desprazamentos.

Se ben é certo que esta novidade impulsada para mellorar a prestación dos servizos de transporte público por estrada, supuxo levar a rede de liñas de transporte a máis localidades e poboacións, á vez que se garantía a optimización dos recursos públicos e a eficiencia enerxética; observo con ocasión das visitas institucionais a diferentes municipios de Galicia, e nos encontros que manteño coa cidadanía, que as consultas ou reclamacións sobre cambios de rutas, liñas, conexións ou horarios, ou mesmo o sistema de solicitude deste transporte escolar compartido baixo demanda, xera certa inquedanza, nomeadamente no caso de que as variacións ou modificacións non se coñezan coa presteza desexable.

Toda vez que dende a implantación deste servizo, as primeiras vacacións escolares coincidirán co período non lectivo de nadal, semella acaído coñecer o funcionamento deste sistema de transporte compartido, para procurar que o grado de afección aos viaxeiros, maioritariamente do ámbito rural, sexa o mínimo compatible coa posta en funcionamento dun novo sistema.

Cómpre lembrar que moitos dos usuarios empregan este sistema a demanda para os seus desprazamentos a centros de saúde, hospitais ou consultas médicas, ao dispoñer de citas

que previamente lle dan con certa antelación e que non resulta sinxelo ou convinte modificar.

É así, neste contexto, que a tenor do disposto nos artigos 13 e 16 da lei reguladora desta Institución (Lei 6/1984, do Valedor do Pobo), iniciamos esta investigación de oficio, a fin de que informen das actuacións previstas para que as persoas usuarias das rutas de transporte escolar compartido, coñezan por adiantado os cambios que lle puideran afectar, co obxectivo de minimizar, as eventuais incidencias que se puideran producir nos períodos escolares non lectivos.

Así mesmo, interesamos trasladen tanta información sobre o sistema de solicitude do servizo, períodos que comprenden as vacacións escolares ao longo do ano, teléfonos de reserva e demais datos que consideren ao seu criterio, de utilidade, para que a veciñanza dos concellos de Galicia poda dispor da máis ampla cobertura das necesidades de transporte público que sexa posible ao longo de todo o ano.

Reiterándolle unha vez máis o meu agradecemento pola súa colaboración, saúdaa atentamente

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: L.8.Q/29274/17

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Sra. conselleira:

Nesta Institución iniciouse expediente de investigación de oficio en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, referente ao transporte escolar compartido ou a demanda en vacacións escolares.

Transcorrido en exceso o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir o seu informe, requíreselle polo presente escrito para que de cumprimento ao preceptuado na citada lei autonómica, recordándolle especialmente a obriga de tódolos poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta Institución nas súas investigacións e actuacións.

Consecuentemente, solicito de Vde., a remisión urxente a esta Institución do referido informe.

Saúdaa atentamente.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo